

BENEFICIOS PERCIBIDOS POLO SECTOR DE ALOXAMENTO TURÍSTICO ESPAÑOL DA IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DA CALIDADE

JOSÉ ÁLVAREZ GARCÍA / JOSÉ ANTONIO FRAIZ BREA / MARÍA CRUZ DEL RÍO RAMA
Universidade de Vigo

Recibido: 18 de abril de 2011

Aceptado: 22 de decembro de 2011

Resumo: A forte competitividade que existe entre as empresas do sector turístico levou a estas a integrar dentro da súa xestión estratéxicas de diferenciación e de calidade, mellorando a calidade dos servizos prestados, o que xera resultados positivos e medíbles. Neste artigo expoñense os resultados do estudo empírico levado a cabo en 186 empresas de aloxamento turístico a nivel nacional certificadas coa marca "Q de Calidade Turística", e cuxo obxectivo era analizar o impacto e os beneficios percibidos polas empresas do sector turístico derivados da implantación e certificación do seu sistema de xestión da calidade. Unha vez feita a revisión teórica, realizouse unha análise descriptiva dos beneficios percibidos polos establecementos hoteleiros, unha análise T de Student e ANOVA para determinar se existen diferenzas nos beneficios percibidos, dependendo de determinadas variables que definen as características dos establecementos de aloxamento turístico e, por último, unha análise factorial para determinar a estrutura deseles beneficios. Os resultados obtidos indican que os principais beneficios percibidos son unha clara definición de procesos e responsabilidades, unha mellora na satisfacción do cliente e un incremento da conciencia de calidade dos empregados. A estrutura dos beneficios neste sector está configurada por tres grupos: beneficios internos, beneficios externos-clientes, e beneficios externos-financeiros. Este traballo enmarca dentro dunha investigación más ampla realizada co obxectivo de desenvolver un marco práctico que oriente as empresas do sector turístico para implantar e mellorar o seu sistema de calidade como fonte de vantaxe competitiva.

Palabras clave: Xestión da calidade / Beneficios / Q de Calidade Turística / Aloacemento turístico.

BENEFITS RECEIVED BY THE SPANISH TOURIST ACCOMMODATION SECTOR IN THE IMPLEMENTATION OF QUALITY MANAGEMENT SYSTEM

Abstract: The intense competition between the tourism industries has led companies to integrate into their management and quality differentiation strategies, improving the quality of service which generates positive, measurable results. This article presents the results of the empirical study conducted in 186 tourist accommodation businesses nationally certified under the "Q for tourist Quality", established with the aim of analyzing the impact / benefits received by the tourism industry arising from the implementation and certification of its Quality Management System. After the theoretical review, the methodology consists of a descriptive analysis of the benefits perceived by the hotels, as well as an analysis of T-Student and ANOVA in order to identify whether their differences depending on the perceived benefits certain variables that define the characteristics of tourist accommodation businesses. As well as conducting a factor analysis in order to determine the structure of these benefits in this sector. The results indicate that the main perceived benefits are clearly defined processes and responsibilities, improving customer satisfaction and increased quality awareness of employees. The structure of benefits in this sector is made up of three groups: internal benefits, external benefits-customers, external-financial benefits. This work is part of a wider investigation carried out with the aim of developing a practical framework to guide companies in the tourism sector to implement and improve its quality system as a source of competitive advantage.

Keywords: Quality management / Benefits / Q for Quality / Tourist accommodation.

1. INTRODUCIÓN E OBXECTIVOS

O sector turístico español, que a principios da década de 1990 se caracterizaba por unha forte competitividade –entendida esta como a capacidade para manter ou

incrementar por parte dunha empresa a súa cota de mercado e os seus resultados empresariais-, toma especial conciencia da importancia da calidade como garantía de diferenciación, fronte á numerosa oferta doutros destinos turísticos emerxentes competidores de España, de forma que no ano 1997 se crea a marca *Q de Calidade Turística* e se outorgan as primeiras certificacións, nacendo no ano 2000 o *Instituto para la Calidad Turística Española* (ICTE).

Este sector, consciente dos beneficios que lle reportaría a xestión da calidade, mellora as actividades internas –calidade interna– e o rendemento –calidade externa– (Powell, 1995; Kaynak, 2003) que, xunto coa innovación, se configuran como os dous piáres básicos nos que se apoia a competitividade empresarial, necesaria para a supervivencia das empresas. Na actualidade están valorando implantar –ou están implantando– sistemas de xestión da calidade que lles permitan diferenciarse e competir nun novo escenario caracterizado polos rápidos cambios na oferta e na demanda (Casadesús *et al.*, 2010).

Neste sentido, numerosos investigadores afirman que a implantación da xestión da calidade é necesaria para que as empresas sexan competitivas nos mercados actuais –moi dinámicos e globalizados–, ao pórse de manifesto nas súas investigacións a relación entre esa implantación e o éxito das empresas (Becker, 1993; Ghobadian e Gallear, 1996). O simple feito de implantar un sistema de calidade ten efectos positivos para as empresas, xa que favorece que estas melloren distintos aspectos ou que aumenten ao obter a certificación (Bulled, 1987). Así, o proceso de implantación de sistemas de xestión da calidade vese impulsado polos beneficios que dela se derivan, posto que a mellora continua da calidade dos servizos prestados xera resultados positivos e medibles como son, entre outros, uns maiores beneficios, o incremento da cota de mercado ou a mellora da posición competitiva fronte aos competidores tanto en termos de custo (Deming, 1982) como en diferenciación (Ghobadian *et al.*, 1994).

A revisión da literatura sobre o tema permitiu-nos detectar que a xestión da calidade foi amplamente estudiada no sector industrial pero que, porén, son moi escasos e recentes os traballos que analizan a implantación de sistemas de xestión da calidade e as súas consecuencias no funcionamento da empresa no sector turístico (Casadesús *et al.*, 2010). Nos últimos anos realizouse un importante número de traballos de natureza empírica sobre os beneficios derivados da certificación (Heras *et al.*, 2004; Arana *et al.*, 2004; Casadesús e Karapetrovic, 2005; Casadesús e Heras, 2005), pero existen moi poucos estudos no sector turístico, sector que presenta unhas características únicas e moi diferentes como, entre outras, a intanxibilidade do servizo, a inseparabilidade da producción do consumo, a intensidade da man de obra, a heteroxeneidade dos servizos ou a caducidade, polo que a súa calidade non pode ser xestionada de igual maneira que cos produtos tangibles (Camisón *et al.*, 2007).

Tres son as razóns que nos impulsan a realizar este estudio empírico: 1) a carencia de investigacións en materia de xestión da calidade no sector servizos fronte ao industrial, e máis concretamente no sector hoteleiro; 2) a importancia que o turismo

ten en España, pois no ano 2010 supuxo o 11% do PIB español (INE, 2011); e 3) porque ao revisar a literatura nos decatamos de que os estudos no ámbito da xestión da calidade se realizan maioritariamente no ámbito do aseguramento, e con base na norma ISO 9000 ou na xestión da calidade total –Modelo Europeo de Excelencia (EFQM)–, mentres que no noso caso o estudo se realizará en empresas do sector turístico que teñan implantada a marca *Q de Calidade Turística*, que é unha marca propia do sector e única no mundo, que se basea nunha normativa que se sitúa nun nivel intermedio entre a ISO 9000 (aseguramento da calidade) e o modelo EFQM (calidade total), polo que a súa implantación é compatible coas dúas certificacións.

Neste estudio propónemonos un conxunto de obxectivos específicos que nos permitirán: 1) identificar os beneficios que perciben os establecementos de aloxamento turístico coa implantación/certificación da marca *Q de Calidade Turística* a nivel nacional; 2) analizar se as características dos establecementos como, por exemplo, o tamaño –clasificado polo número de cuartos ou polo número de empregados–, o subsector de pertenza ou a súa categoría inflúen nos beneficios percibidos por estas empresas despois de implantar o sistema de xestión da calidade; e 3) estudar a estrutura dos beneficios no sector de aloxamento turístico.

Ademais desta introdución, o traballo estrutúrase en catro seccións. Na sección 2 establecese o marco teórico e, a partir da revisión da literatura, márcanse os obxectivos. Na sección 3 descríbese a metodoloxía empregada. Na sección 4 analízanse os resultados. E finalmente, na sección 5 preséntanse as conclusións.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. A Q DE CALIDADE TURÍSTICA

A marca *Q de Calidade Turística* créase no ano 1997¹, e é outorgada polo *Insti-tuto para la Calidad Turística Española*², desenvolvéndose ata este momento as normas de calidade en vinte e un subsectores turísticos.

Este sistema de xestión da calidade ten catro compoñentes (Casadesús *et al.*, 2010): 1) unhas normas de calidade específicas para cada un dos subsectores turísticos que definen o proceso, os estándares de servizo e os requisitos de calidade dese subsector; 2) un sistema de certificación polo que unha terceira parte independente garante que as empresas cumpran as normas; 3) a marca *Q de Calidade Turística*; e 4) un organismo de xestión –o ICTE– que promove o sistema e que é o responsable da súa execución, integridade e difusión.

¹ A reducida taxa de penetración das normas ISO 9000, que se explica polos seus elevados custos e pola carentia de persoal especializado nas pemes turísticas (Camisón e Yepes, 1994), propiciou que a implantación do aseguramento da calidade se levara a cabo a través de estándares propios sectoriais (Camisón *et al.*, 2007). No caso de España, no sector obxecto de estudo na norma de calidade para hoteis e apartamentos turísticos (UNE 182001:2008) e de balnearios (UNE 186001:2009).

² Organismo español privado, independente e sen ánimo de lucro, cuxas funcións básicas son a normalización, implantación, certificación e promoción da marca *Q de Calidade Turística*.

As súas normas sitúanse nun nivel intermedio entre a ISO 9000 (sistema de aseguramento da calidade) e o modelo EFQM (calidade total³), polo que a súa implantación é perfectamente compatible cunha certificación ISO 9000 e coa excelencia, estando a diferenza entradas as dúas certificacións nos requisitos aplicables e no nivel de esixencias das normas de referencia. Cómpre destacar que as normas de calidade definen os valores mínimos que debe alcanzar un establecemento turístico en materia de instalacións, equipamento, servizos e xestión para poder adquirir a “marca de calidade turística”, e supón una filosofía de xestión da calidade e de mellora continua máis ampla que a ofrecida pola serie ISO 9000.

Aínda que a *Q de Calidade Turística* e a ISO 9001 son compatibles entre si, non se trata de dous sistemas idénticos. Camisón *et al.* (2007) identifican unha serie de diferenzas entradas as dúas: 1) a norma do ICTE considera os requisitos e recomendacións da norma ISO 9001, pois áinda que non o indica directamente, a norma do ICTE especifica que debe determinarse un sistema de calidade propio do establecemento turístico; 2) a norma ISO 9001 é específica para a implantación dun sistema de xestión da calidade, mentres que as normas do ICTE inclúen as especificacións do servizo que debe implementar a empresa que se adhira ao sistema; 3) desde un punto de vista xenérico, a norma ISO 9001 é máis versátil e pode aplicarse a calquera organización, mentres que as normas do ICTE só son aplicables á actividade turística; e 4) por contrapartida ao punto anterior, desde o punto de vista do cliente, a certificación ISO 9001 non garante un nivel de calidade concreto, senón que o servizo se axustará ás especificacións marcadas polo establecemento.

2.2. BENEFICIOS DERIVADOS DA IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DA CALIDADE

As investigacións sobre os beneficios obtidos polas empresas logo da implantación dun sistema de xestión da calidade son escasas en relación coas relacionadas coas motivacións e barreiras. A mediados da década de 1990 aparecen as primeiras investigacións, que presentan uns resultados confusos e dispares (Casadesús *et al.*, 2001). Neste sentido, Casadesús *et al.* (2004) afirman que “*ello no se debe a su carencia de importancia, sino a la dificultad de valoración de estos, en especial en la utilización de unas variables objetivas que representen los verdaderos efectos de la certificación ISO 9000*”.

Na revisión sobre o ámbito de estudio constátase que os motivos e beneficios de implantar un sistema de xestión da calidade son os mesmos. Porén, o contexto é di-

³ A norma ISO 9001:2008 é un sistema de xestión da calidade que recolle os requisitos e directrices para conseguir que as organizacións melloren os seus procesos e actividades, de forma que asegura que todos os produtos ou servizos proporcionados aos clientes satisfagan as súas necesidades e expectativas. Por outro lado, o EFQM é un modelo de xestión da calidade total que contén un conxunto de orientacións para que as organizacións poidan desenvolver e facer operativos os conceptos de calidade total e, a diferenza da ISO 9001:2008, o modelo non é certificable, pero ao aplicalo faise posible a xestión da calidade total nas organizacións.

ferente, os motivos son anteriores á implantación e os beneficios xéranse unha vez implantado o dito sistema.

A orientación seguida varía en función dos investigadores (táboa 1). Algúns autores centráronse en analizar os efectos da implantación e certificación nos resultados económico-financeiros (Nicolau e Sellers, 2002; Sharma, 2005) e sobre a rendibilidade da empresa (Arana *et al.*, 2004; Benner e Veloso, 2008; Dick *et al.*, 2008), mentres que outros, baseándose en datos de carácter subxectivo, estudaron os efectos sobre a satisfacción dos clientes (Rahman, 2001), sobre a produtividade (Teerlak e King, 2006) ou sobre o aumento da cota de mercado.

Táboa 1.- Clasificación dos beneficios da implantación/certificación das normas de calidade

TIPOS		BENEFICIOS	INVESTIGACIÓNS
INTERNOS	Beneficios organizativos e de control	<ul style="list-style-type: none"> -Mellora a modernización da compañía -Mellora as relacións empregados-dirección -Incrementa a motivación dos empregados -Mellora a formación pola vía do adestramento -Mellora a comunicación interna na organización -Incrementa o compromiso e a sensibilidade coa calidade -Mellora a coordinación cos provedores -Proporciona unha documentación exhaustiva dos procesos e métodos de traballo 	Rayner e Porter (1991), Adanur e Allen (1995), Weston (1995), Vloeberghs e Bellens (1996), Carlsson e Carlsson (1996), Tsiortras e Gotzamani (1996), Yung (1997), Buttle (1997), Mallak <i>et al.</i> (1997), Brown <i>et al.</i> (1998), Larsen e Häversjö (2001), Tan e Gilbert (2001), Tarí e Molina (2002), Gotzamani e Tsiortras (2002)
	Beneficios na produtividade e nos custos	<ul style="list-style-type: none"> -Mellora a produtividade -Reduce custos no longo prazo -Diminúe reclamacións e queixas -Mellora o aproveitamento dos recursos -Mellora a eficiencia operacional 	Adanur e Allen (1995), Carlsson e Carlsson (1996), Tsiortras e Gotzamani (1996), Hamilton (1996), Yung (1997), Buttle (1997), Mallak <i>et al.</i> (1997), Jones <i>et al.</i> (1997), Krasachol <i>et al.</i> (1998), Leung <i>et al.</i> (1999), Casadesús <i>et al.</i> (2000), Larsen e Häversjö (2001), Gotzamani e Tsiortras (2002)
EXTERNOS	Beneficios comerciais	<ul style="list-style-type: none"> -Apertura de novos mercados -Aumento das exportacións -Incremento da satisfacción dos clientes -Aumento da fidelización dos clientes -Aumento da cota de mercado -Incremento da reputación dos produtos -Permite diferenciar a empresa con respecto a outras organizacións -Mellora a imaxe da empresa 	Rayner e Porter (1991), Wenmoth e Dobbins (1994), Brecka (1994), Weston (1995), Tsiortras e Gotzamani (1996), Ferguson (1996), Vloeberghs e Bellens (1996), Buttle (1997), Leung <i>et al.</i> (1999), Casadesús <i>et al.</i> (2000), Escanciano <i>et al.</i> (2001), Gustafsson <i>et al.</i> (2001), Tan e Gilbert (2001), Tarí e Molina (2002), Wiele <i>et al.</i> (2001)

FONTE: Adaptado de Martínez (2006, p. 120).

Un dos primeiros intentos de realizar unha clasificación dos beneficios foi a de Buttle (1997), quen os agrupa en catro grandes grupos: beneficios en rendibilidade, beneficios en mellora de procesos, beneficios en márketing, e outros beneficios. En investigacións más recentes, como a de Martínez (2006), aparecen clasificados en tres grupos: beneficios organizativos e de control, beneficios na produtividade e nos custos, e beneficios comerciais. Estas investigacións, así como os intentos de agrupar os beneficios, foron levados a cabo utilizando dous marcos de referencia diferentes: por un lado, o sistema de xestión da calidade ISO 9001 (Vloeberghs e Bellens, 1996; Carlsson e Carlsson, 1996; Buttle, 1997; Mallak *et al.*, 1997; Brown

et al., 1998; Larsen e Häversjö, 2001; Tan e Gilbert, 2001; Tarí e Molina, 2002; Gotzamani e Tsiotras, 2002) e, por outro, o modelo de autoavaliación EFQM (Hendricks e Singhal, 1997; Wongrassamee *et al.*, 2003; Bou Llusar *et al.*, 2005; Heras *et al.*, 2006; Camisón *et al.*, 2007; Conti, 2007).

Heras *et al.* (2006) identifican cinco razóns para implantar o modelo EFQM que se converten en beneficios organizativos: as decisións corporativas, a mellora da motivación das persoas da organización, a creación dun marco estratéxico, a mellora da organización e da xestión, e a mellora da imaxe da empresa. Estes autores sinalan que a implantación do modelo EFQM se debe principalmente a razóns internas, posto que non é unha certificación recoñecida a nivel internacional.

Na mesma liña que os anteriores autores, Camisón *et al.* (2007) afirman que existen moitos estudos⁴ que demostraron que as empresas que implanten un modelo EFQM mellorarán os seus resultados e que, ademais, conseguirán os seguintes beneficios: 1) determinar cales son as fortalezas e debilidades da organización, así como unha medida da evolución do progreso da compañía; 2) unha mellor determinación e un maior compromiso das persoas da organización ao entender cal é o seu papel na mellora continua da organización; 3) definir unha linguaxe común e uns criterios únicos á hora de determinar a mellora da organización; 4) integrar a mellora continua na xestión operativa da compañía; 5) unha aprendizaxe organizativa; e 6) no caso de obter o premio, a organización consegue un recoñecemento.

No caso particular dos beneficios do modelo EFQM, a maioría dos estudos sinalan como un beneficio fundamental que o modelo permite distinguir claramente as fortalezas e as debilidades da organización, poñendo un especial enfoque nas relacións que existen entre o persoal, os procesos e os resultados (Wongrassamee *et al.*, 2003; Conti, 2007). Outro aspecto destacado é a concepción do modelo como ferramenta de avaliación, pois lle permite á organización medir a súa situación actual e establecer os criterios que a leven a mellorar (Bou Llusar *et al.*, 2005). Noutras palabras, Wongrassamee *et al.* (2003) indican que o modelo EFQM é unha guía utilizada pola dirección da empresa para conseguir a mellora continua, e que o modelo lles permite ás organizacións autoavaliarxe e comprender así a súa posición actual e planificar a mellora continua.

A maioría das investigacións atoparon unha relación directa entre a implantación dos modelos de excelencia e os resultados da empresa (Camisón *et al.*, 2007). Polo tanto, é importante realizar estudos para pescudar se a xestión da calidade ten impacto no rendemento (Roca *et al.*, 2002; Antony *et al.*, 2004) e na competitividade (Camisón, 1998; Ghobadian e Gallear, 2001).

Dos anteriores estudios dedúcese que a calidade pode influír no rendemento de dúas formas complementarias (Reed *et al.*, 1996). Por un lado, a través dos proce-

⁴ Hendrichs e Singhal (1997) realizaron un estudio en 600 compañías que obtiveran algúin premio á calidade, e comparan os seus resultados quinquenais cos doutra serie de empresas do mesmo sector e tamaño. Os seus resultados mostraban que as empresas que obtiñan un premio á calidade tiñan mellores resultados financeiros e, polo tanto, que a implantación de modelos de calidade resultaba rendible.

sos –efectos internos: funcionamento interno das organizacións, aumento da produtividade, mellora da eficiencia, redución dos custos, residuos–, porque contribuirá a aumentar os niveis de competitividade e a súa rendibilidade ao normalizar os procesos, a reducir os residuos, a prestar un servizo máis eficaz e a cometer menos errores. Por outro lado, a través do mercado –efectos externos– (Brown *et al.*, 1998; Lee, 1998; Casadesús e Heras, 2001; Singels *et al.*, 2001; Yahya e Goh, 2001), porque a calidade afectará á satisfacción do cliente –e, polo tanto, á súa demanda, o que permitirá incrementar as vendas e a cota de mercado– e a ter unha mellor imaxe.

3. METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

3.1. UNIVERSO E ÁMBITO DE ESTUDO

O ámbito de estudio son as empresas do sector turístico que posúan a certificación *Q de Calidade Turística*, e que aparecen recollidas e clasificadas na páxina web do *Instituto para la Calidad Turística Española* <www.icte.es>. Esta decisión xustifícase porque estas empresas teñen implantado un sistema de calidade propio do sector turístico español.

A poboación obxectivo é o sector de hoteis e apartamentos turísticos, que está formada por 566 empresas que posúen a certificación *Q de Calidade Turística* a nivel nacional. A esta poboación enviáronse 566 cuestionarios, recibíndose 164 debidamente cumplimentados e 22 incompletos, pedíndolle a estes últimos (por correo electrónico e por teléfono) que os completaran, o que nos proporcionou unha mostra final de 186 cuestionarios válidos, que representan un índice de resposta dun 32,86%. Na táboa 2 preséntase a ficha técnica do traballo de campo.

Táboa 2.- Ficha técnica do estudo

Universo de poboación	Empresas do sector de aloxamento turístico (subsector hoteis e apartamentos turísticos)
Ámbito xeográfico	Nacional
Poboación	566 empresas
Tamaño da mostra	186 enquisas válidas
Índice de resposta	32,86%
Erro mostral	±6,01%
Nivel de confianza	95% Z=1,96 $p=q=0,5$
Método de recollida de información	Correo electrónico
Data do traballo de campo	Desde o 1 de abril ata o 30 de maio de 2010

FONTE: Elaboración propia.

O proceso de recollida de datos tivo lugar entre o 1 de abril de 2010 e o 30 de maio, realizándose a través de un ou de varios contactos por correo electrónico con cada unha das empresas seleccionadas. Unha vez realizado o primeiro envío no

mes de abril, e coa finalidade de obter un maior índice de resposta, repetiuse o envío cada quince días.

Respondieron o cuestionario 186 empresas pertencentes a praticamente todas as comunidades autónomas, xa que se buscaba a representatividade de cada unha delas na mostra. O maior número de respuestas correspondieron, por esta orde, a Andalucía (21%), a Comunidade Valenciana (12,9%) e a Galicia (10,8%).

Polo que respecta ao tamaño ou á dimensión das entidades, un 53,8% (100 empresas) son pequenas empresas, que teñen entre 0 e 49 traballadores, e un 46,2% (86 empresas) son empresas medianas, que teñen entre 50 e 249 traballadores.

Se se mide o tamaño polo número de cuartos, un 59,1% (110 establecementos) ten 100 ou menos cuartos, un 35,5% (66 establecementos) ten máis de 100 e menos de 300 cuartos, e un 5,4% (10 establecementos) ten máis de 300 cuartos.

Con respecto á categoría do establecemento, un 7% (13 establecementos) posúe 1 ou 2 estrelas, un 34,4% (64 establecementos) ten 3 estrelas, e un 58,6% (109 establecementos) conta con 4 ou 5 estrelas.

En relación coa antigüidade da certificación, un 34,9% (65 empresas) ten unha antigüidade menor ou igual a tres anos na norma UNE 182001:2008 ou na norma UNE 186001:2009 –hoteis e apartamentos turísticos, balnearios–, un 41,4% (77 empresas) ten unha antigüidade maior de tres anos e menor ou igual a seis anos, e un 23,7% (44 empresas) ten máis de seis anos de antigüidade.

3.2. CUESTIONARIO

Para deseñar o cuestionario, realízase antes unha revisión bibliográfica dos traballo que analizan os beneficios, áinda que na súa maior parte o fan no sector industrial (táboa 3). O resultado desta revisión foi a xeración dun amplio conxunto de posibles ítems, de forma que o uso repetido dos ítems para medir os beneficios garante a validez interna⁵.

Táboa 3.- Validez do contido das escalas de medida

ESCALAS DE MEDIDA	FONTES BIBLIOGRÁFICAS
Impacto da certificación/Beneficios derivados da certificación	Ho (1994); Adanur e Allen (1995); López de la Viña (1996); Sissell (1996); Shih, Huarng e Lin (1996); Lamprecht (1996); McLachlan (1996); Jones, Arndt e Kustin (1997); Terziosvski <i>et al.</i> (1997); Yung (1997); Mallak <i>et al.</i> (1997); Mo e Chan (1997); Buttle (1997); Quazi e Padibjo (1997); Lee (1998); Escanciano <i>et al.</i> (2001); Casadesús e Heras (2001); Casadesús <i>et al.</i> (2001); Heras, Casadesús e Dick (2002); Heras, Dick e Casadesús (2002); Tarí e Molina (2002); Terziosvski <i>et al.</i> (2003); Llopis e Tarí (2003); Heras <i>et al.</i> (2004); Arana <i>et al.</i> (2004); Casadesús e Karapetrovic (2005); Casadesús e Heras (2005)

FONTE: Elaboración propia.

⁵ A validez interna supón que o cuestionario debe ser un instrumento de medida o más fiel posible, que non deformase a realidade (Lambin, 1990, p. 166), e indica o grao no que o proceso de medición está libre tanto do erro sistemático coma do erro aleatorio (Kinnear e Taylor, 1995).

Elaborouse un cuestionario no que os beneficios percibidos serán medidos a través de quince ítems (pedíuselles aos responsables de calidade que indicarán cales foron os beneficios para a súa empresa derivados da certificación), utilizando unha escala Likert de 7 puntos para medir as variables en termos cuantitativos (1: “nada importante” e 7:“moi importante”). A medición realizouse a través das percepcións dos directivos que cubriron a enquisa, aos que se lles preguntou acerca da intensidade e do impacto con que percibiran eses beneficios.

4. ANÁLISE DOS DATOS

A análise descriptiva realizada permite sinalar que as melloras máis importantes percibidas polas empresas son unha clara definición dos procesos e das responsabilidades dentro da organización (6,2581), a mellora da satisfacción do cliente (6,1290), o incremento da conciencia de calidade dos empregados (6,1290) e o mellor coñecemento das expectativas do cliente (6,0215) (táboa 4). Os beneficios menos valorados foron a redución de custos (4,9355), o incremento das vendas (5,2796) e o incremento da cota de mercado (5,2903), é dicir, que as empresas percibiron en menor medida unha mellora destes aspectos. Cómpre destacar que todos os beneficios analizados están moi ben valorados, xa que ningunha variable media presenta valores inferiores a 4 (melloras pouco importantes).

Táboa 4.- Análise descriptiva. Beneficios obtidos da implantación e certificación da *Q de Calidade Turística*

BENEFICIOS	MEDIA	DESV. TÍPICA	POUCO IMPORTANTE (PUNTUACIÓN ENTRE 1 E 3) % empresas	MOI IMPORTANTE (PUNTUACIÓN ENTRE 5 E 7) % empresas
(BF2) Clara definición dos procesos e responsabilidades	6,2581	0,86247	0,0	96,8
(BF1) Mellora a satisfacción do cliente	6,1290	1,02114	0,5	91,4
(BF8) Incrementa a conciencia de calidade dos empregados	6,1290	0,80170	0,0	97,3
(BF5) Mellora o coñecemento das expectativas do cliente	6,0215	1,00247	0,5	91,9
(BF12) Servizos de calidade	5,9731	0,90901	1,0	94,1
(BF6) Maior participación dos traballadores na xestión	5,9140	0,89026	0,5	93,5
(BF9) Produtividade e mellor aproveitamento do tempo e dos recursos	5,9032	0,91904	0,5	92,5
(BF7) Mellora as relacóns dirección-empregado	5,7473	1,09821	1,6	87,6
(BF15) Posición competitiva	5,6129	1,04527	1,0	86,6
(BF3) Mellora o ambiente de traballo	5,5806	1,05853	1,1	84,4
(BF4) Incrementa a motivación/satisfacción dos empregados	5,5484	1,00287	1,1	86,6
(BF10) Reduce as queixas	5,5323	1,03010	0,0	80,6
(BF14) Cota de mercado	5,2903	1,12062	1,1	73,1
(BF13) Vendas	5,2796	1,15188	1,1	71,0
(BF11) Reduce os custos	4,9355	1,25035	9,7	64,5

FONTE: Elaboración propia.

O incremento da conciencia dos empregados foi percibida polo 97,3% das empresas como unha melloría moi importante, o 96,8% consideran un beneficio moi importante a clara definición de procesos e responsabilidades, e o 94,1% afirman que ofrecen servizos de máis calidade. Todos os beneficios que se recollen na enquisa foron percibidos como moi importantes polos directivos de máis do 60% das empresas.

Para determinar a consistencia interna da escala *beneficios*, calcúlase o coeficiente α de Cronbach⁶ (Cronbach, 1951), que presenta un valor de 0,928, valor que se considera un bo indicador da súa fiabilidade.

Compáranse agora estes resultados cos doutros estudos. Magd e Curry (2003), que analizan os beneficios percibidos da certificación ISO en empresas en Exipto, obteñen resultados similares aos do noso traballo. Estes autores agrupan os encontros de diversos estudos (Ragotaman e Korte, 1999; Van der Wiele *et al.*, 2000; Dick *et al.*, 2001; Dissanayaka *et al.*, 2001; Stevenson e Barnes, 2001; Yahya e Goh, 2001; McAdam e Fulton, 2002) nos que se examinan os beneficios de implementar a ISO 9000 en diferentes países e contextos socioeconómicos –Hong Kong, EE.UU., Malaisia, Países Baixos, España, Reino Unido e Irlanda–. Os resultados destes estudos suxiren que implementar a ISO supón melloras na documentación e na eficiencia do sistema de calidade, e que o uso da ISO como unha ferramenta promocional mellora, entre outros factores, a calidade dos produtos ou dos servizos, a selección dos provedores ou a imaxe da compañía, áinda que a orde dos factores varía duns estudos a outros.

Tendo en conta estes estudos, pode concluírse que os resultados deste traballo son consistentes cos obtidos neles. Neste sentido, Brown e Van der Wiele (1995) e Vloeberghs e Bellens (1996) afirman que a mellora da eficiencia do sistema de calidade é o beneficio máis importante de implementar a ISO.

Continuando coa análise, interesa comprobar se existen diferenzas nos beneficios percibidos polas empresas que implantan/certifican un sistema de xestión da calidade dependendo do tamaño das empresas. Para a súa clasificación utilizan dous criterios diferentes: a) en función do número de empregados –pequena empresa: entre 0 e 49 traballadores, mediana empresa: entre 50 e 249, e grande empresa: 250 ou máis empregados–, e b) en función do número de cuartos⁷ (≤ 100 cuartos, pequena; > 100 e ≤ 300 cuartos, mediana; > 300 cuartos, grande). En primeiro lugar,

⁶ Este coeficiente avalía a consistencia interna da escala a través da correlación de cada unha das variables co resto da escala. De forma xeneralizada, a literatura utiliza este estatístico como medida da fiabilidade (Nunnally, 1998), recomendando un valor estatístico superior a 0,8 (Grande e Abascal, 1999). A fiabilidade fai referencia ao grao en que unha medida está libre de errores aleatorios e, polo tanto, proporciona resultados consistentes se se realizan medicións repetitivas (Sánchez e Sarabia, 2000, p. 367), é dicir, avalía se xera os mesmos resultados en sucesivas aplicacións aos mesmos individuos, así como en situacións similares (Babbie, 1995).

⁷ O tamaño do hotel pode medirse polo seu número de cuartos sobre hóspedes, áinda que o número de investigadores que así o fan son poucos. Neste sentido, Vallen e Vallen (1991) consideran un hotel pequeno cando ten 100 ou menos cuartos, mediano se ten entre 100 e 300, e grande se dispón de máis de 300 cuartos. Por outra parte, investigadores como Lattin (1994), Muñoz Oñate (1994) ou Renner (1994) diferencian entre pequenos, medianos e grandes, pero non delimitan o número de cuartos que corresponde a cada grupo.

realízase a proba de normalidade dos datos, comprobándose a igualdade de varianzas mediante o estatístico Levene, os dous supostos fundamentais que deben cumplirse para poder utilizar a T de Student ou a ANOVA.

Na análise de normalidade obsérvase unha ausencia de normalidade ($\text{sig.} < 0,05$). Como na súa análise gráfica non hai variacións graves no suposto de normalidade (pode supor normalidade sempre que o número de casos sexa maior que 30), considérase que existe. Polo que respecta á proba de Levene para a igualdade de varianzas (táboa 5), algunas variables non cumplen a homoxeneidade de varianzas, polo que se aplica a proba non paramétrica Kruskal-Wallis, que proporciona a significación da chi-cadrado, mentres que para o resto dos casos se utiliza a T de Student (dúas mostras) ou a ANOVA (máis de dúas mostras).

Táboa 5.- Probas estadísticas de comparación de medias por tamaño

BENEFICIOS	PROBA DE LEVENE		Nº EMPREGADOS		PROBA DE LEVENE		Nº CUARTOS			
			Proba T de Student	Sig.			ANOVA	Sig.		
	F	Sig.	t	Sig.	F	Sig.	t	Sig.		
(BF1) Mellora a satisfacción do cliente	1,255	0,264	-2,317	0,022	<0,05	2,831	0,062	1,215	0,299	>0,05
(BF6) Maior participación dos traballadores na xestión	3,138	0,078	-2,237	0,026	<0,05	1,691	0,187	3,100	0,047	<0,05
(BF7) Mellora as relacións dirección-empregados	11,127	0,001*	4,810	0,028	<0,05	4,270	0,015*	8,983	0,011	<0,05
(BF9) Produtividade ou mellor aproveitamento do tempo e dos recursos	13,694	0,000*	1,198	0,274	>0,05	11,402	0,000*	7,284	0,026	<0,05

* Como existen diferencias de varianzas, utilizase a proba Kruskal-Wallis (estatístico chi-cadrado).
Sig.<0,05 diferencias significativas; Sig. >0,05 non hai diferencias significativas.

FONTE: Elaboración propia.

Os resultados indican que existen diferencias significativas na mellora da satisfacción do cliente (BF1), na maior participación dos traballadores na xestión (BF6) e na mellora das relacións dirección-empregado (BF7), é dicir, existe unha asociación entre estos beneficios e o tamaño da empresa –medíndoo en función do número de empregados–. Se se ten en conta o segundo criterio –o número de cuartos–, as diferencias mantéñense en BF6 e BF7, existindo unha diferencia significativa na produtividade ou no mellor aproveitamento do tempo e dos recursos (BF9) e non existindo diferencias significativas nos demás factores. Nos casos BF6, BF7 e BF9 existen diferencias significativas, pero non se sabe entre que par de variables. Co obxectivo de identificar entre que par –ou pares– de medias existen as diferencias, utilízase o procedemento de Scheffé, ou a proba non paramétrica de Games-Howell para aqueles casos en que non se cumplen os criterios de normalidade e de homocedasticidade. No caso de BF6, os resultados do test de Scheffé non permiten asegurar que existan diferencias significativas ao nivel significativo de 0,05.

Os resultados da táboa 6 indican que as empresas con menos de 100 cuartos perciben en menor medida que melloren as relacións dirección-empregado, así como unha percepción menor de que mellorara a produtividade; porén, obteñen un

mellor aproveitamento do tempo e dos recursos que as empresas que teñen entre 100 e 300 cuartos, ao ter documentados os procesos.

Táboa 6.- Proba de Games-Howell para o número de cuartos

VARIABLE DEPENDENTE	<i>I</i> TAMAÑO: N° CUARTOS	<i>J</i> TAMAÑO: N° CUARTOS	DIFERENZAS MEDIAS (<i>I-J</i>)	ERRO TÍPICO	SIG.	INTERVALO DE CONFIANZA AO 95%	
						Límite inferior	Límite superior
(BF7) Mellora as relacións dirección-empregado	≤ 100	> 100 ≤ 300	-0,45455*	0,15686	0,012	-0,8255	-0,0836
		> 300	-0,75455*	0,28413	0,049	-1,5067	-0,0024
	> 100 ≤ 300	≤ 100	0,45455*	0,15686	0,012	0,0836	0,8255
		> 300	-0,30000	0,28184	0,552	-1,0494	0,4494
	> 300	≤ 100	0,75455*	0,28413	0,049	0,0024	1,5067
(BF9) Produtividade ou mellor aproveitamento do tempo e do recursos		> 100 ≤ 300	0,30000	0,28184	0,552	-0,4494	1,0494
	≤ 100	> 100 ≤ 300	-0,40000*	0,12985	0,007	-0,7070	-0,0930
		> 300	-0,46364	0,22238	0,130	-1,0472	0,1199
	> 100 ≤ 300	≤ 100	0,40000*	0,12985	0,007	0,0930	0,7070
		> 300	-0,06364	0,21773	0,954	-0,6409	0,5136
	> 300	≤ 100	0,46364	0,22238	0,130	-0,1199	1,0472
		> 100 ≤ 300	0,06364	0,21773	0,954	-0,5136	0,6409

*A diferenza de medias é significativa ao nivel 0,05.

FONTE: Elaboración propia.

Na táboa 7 móstrase a importancia que para cada tipo de empresas (segundo o seu tamaño) ten cada un dos beneficios nos que se atopan diferenzas significativas. En xeral, as empresas medianas perciben en maior medida a mellora da satisfacción do cliente, a maior participación dos traballadores e a mellora das relacións dirección-empregado. Se se ten en conta o número de cuartos sucede o mesmo, xa que as empresas grandes perciben en maior medida a maior participación dos traballadores na xestión, a mellora das relacións dirección-empregado e o incremento da produtividade.

Compróbase se existen diferenzas segundo o subsector de pertenza das empresas (hoteis, balnearios e paradores) e en función da categoría do aloxamento hoteleiro (unha-dúas, tres, ou catro-cinco estrelas⁸). Como se van comparar máis de dúas mostras, emprégase a análise da varianza dun factor (ANOVA) (táboa 8). Os resultados mostran que existen diferenzas significativas en *BF14* (cota de mercado) e en *BF15* (posición competitiva), é dicir, que existe unha asociación entre a variable dependente e o tipo de subsector. Utilízase a proba de Scheffé para analizar esas diferenzas, posto que hai tres mostras, e o que interesa é saber entre que par de mostras se producen esas diferenzas. Os resultados non presentan diferenzas significativas ao nivel 0,05 entre os diferentes subsectores.

⁸ En España o Real decreto 1634/1983, de 15 de xuño, clasifica os hoteis e os hoteis-apartamentos en cinco categorías, identificadas por estrelas. Nese Real decreto dispone que a determinación das categorías dos hoteis se fará en virtude do cumplimento duns requisitos técnicos mínimos que se agrupan en cinco apartados: instalacións, comunicacións, zona de clientes, servizos xerais e zona de persoal.

Táboa 7.- Importancia dos beneficios segundo o tamaño

BENEFICIOS	TAMAÑO	MEDIA (de 1 a 7)	DESVIACIÓN TÍPICA
(BF1) Mellora a satisfacción do cliente	Pequena Mediana	5,9700 6,3140	1,09595 0,89786
